



## Concello de Castrolverde

---

**DON XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE (LUGO);**

**FAI SABER:**

Debido á situación de alerta en todo o Estado, e as previsións de que Galicia, segundo os expertos, tardará un pouco mais en alcanzar o pico da pandemia pídovos a todos os veciños que non baixedes a garda e que non saíades da casa salvo por motivos urxentes, matizo **“urxentes”**.

O concello procederá todos os días a facer labores de desinfección na vila naqueles lugares máis transitados por todos; si ben, cada quen nas súas vivendas tamén deberá facer o mesmo, dado que este concello como moitos outros da provincia de Lugo é un concello moi diseminado.

Tamén vos pido ós labregos que coas mochilas de sulfatar e con produtos desinfectantes tales como lexía ou deterxentes, na súa proporción, tamén o fagades nas vosas casas e nas dos veciños que carezan delas.

Se fose necesario aquí está o Alcalde e os traballadores do Concello para axudar no posible, de feito moitos de vos xa me chamastes para utilizar as sulfatadoras cos tractores do concello.

Todos nós somos os primeiros en votar unha man polo ben de todos e sobre todo polos nosos profesionais da sanidade.

É unha labor de todos, grazas pola vosa colaboración e non o esquezas:

**“QUÉDATE NA CASA”**

Para calquera urxencia non dubidedes en chamar a calquera destes teléfonos:

636.49.19.45 ( Xosé María, Alcalde)  
605.39.68.82 (Pili, Concelleira)

O voso Alcalde,  
Xosé María Arias Fernández

(DOCUMENTO ASINADO E DATADO DIXITALMENTE Á MARXE)

---

**Concello de Castrolverde**

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 (Lugo). Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 4ENRRCPM9AECJ3W6W2J4ZSUNP | Corrección: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1